

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE DECEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 13 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 11 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás o 1a e 8a)  
D. José Francisco Mourelle González (asiste aos puntos 8a e 4b)  
D. Aurelio Adán Fernández (asiste ao punto 6c)  
D<sup>a</sup>. Luz González Domínguez (asiste ao punto 1b)  
D. Óscar Couce Senra, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 2, 7, 8b, 4a, 4c, 5, 6a, 6b, 6d, 6e)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas****a) Acta do 5 de decembro de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 5 de decembro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D<sup>a</sup>. María Jesús Lago Rey.

**b) Acta do 10 de decembro de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 10 de decembro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D<sup>a</sup>. Luz González Domínguez.

**2.- Apertura administrativa****a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación comunica que a empresa NAROM, S.L. non puido presentar a súa oferta a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 1 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

través da plataforma de licitación electrónica e enviou a pegada dixital e o sobre electrónico. A cláusula 14 do PCAP prevé esta posibilidade nos seguintes termos:

*“No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) “pegada dixital” que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo.*

*O sobre electrónico xerado e asinado deberá ser entregado en soporte electrónico ou no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións”.*

O sobre electrónico presentado por NAROM, S.L. non coincide coa pegada dixital enviada, tal e como se constata na propia plataforma de licitación electrónica.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ASFALGAL, TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
  2. EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.
  3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
  4. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
  5. CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)
  6. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
  7. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)
  8. MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.
  9. HORDESCON, S.L.
  10. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
  11. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
- b) Non admitir neste procedemento a NAROM, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14.1 do PCAP ao ter presentado un sobre electrónico que non coincide coa pegada dixital presentada.

**b) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441) (emenda da documentación persoal)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 2 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 5 de decembro de 2018, o 7 de decembro, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. ASFALGAL, TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Durante o prazo concedido presentaron a documentación requirida os dous licitadores.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  - ASFALGAL, TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
  - CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

**7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441)**

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 4 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 3 de decembro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Durante o prazo concedido, presentou xustificación COPCISA, S.A. e OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. presentou un escrito indicando que non ían achegar xustificación. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L. non presentou escrito ningún.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 11 de decembro de 2018 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada por COPCISA, S.A. no que conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 3 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos "WIFI" (8.619-113) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo técnico responsable de Seguridade Informática o 11 de decembro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

### b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

## 4.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo lote 1	Redución do prezo lote 2
1	ASFALGAL, TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	31,98%	31,98%
2	EMPRESA DE MEZCLAS ASFÁLTICAS, S.L.	31,33%	31,33%
3	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	30,10%	27,65%
4	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	23,58%	23,12%
5	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	21,27%	24,04%
6	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	32,66%	34,36%
7	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	32,05%	31,10%
8	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	26,79%	21,19%
9	HORDESCON, S.L.	21,83%	20,54%
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	36,46%	35,34%



	Licitador	Redución do prezo lote 1	Redución do prezo lote 2
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	29,17%	-

Asiste á apertura D. M.A.V. en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación mixta de subministro e servizos dunha rede sen fíos "WIFI" (8.619-113)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% desconto a aplicar aos prezos unitarios	Incremento nº anos garantía e licenciamiento mínimo (meses)
1	TELFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	18,31%	24
2	DIMENSION DATA ESPAÑA, S.L.U.	22,08%	24
3	EDNON S.L.	4,6%	24

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**c) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo lote 1	Redución do prezo lote 2	Redución do prezo lote 3
1	ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L.	12,65	14,33	14,32
2	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	27,30	30,76	28,61
3	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	25,50	28,10	24,00
4	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	33,20	32,01	32,13
5	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	17,57	17,86	14,48



	Licitador	Redución do prezo lote 1	Redución do prezo lote 2	Redución do prezo lote 3
6	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	18,08	20,82	19,36
7	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	20,02	20,16	15,70
8	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	16,81	17,08	14,03
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	-	-	13,42
10	HORDESCON, S.L.	14,61	15,94	13,86
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. ( MARCONSA)	33,93	40,86	41,98
12	NEMESIO ORDOÑEZ	14,74	15,55	7,13
13	NAROM, S.L.	23,79	21,94	22,87
14	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	20,78	24,54	22,47

Asiste á apertura D. M.A.V. en representación da Federación Galega da Construción. A acta de asistencia asinada figura no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**5.- Apertura técnica e económica/Apertura administrativa e económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que segundo o certificado expedido polo Rexistro xeral só se presentou un licitador a este procedemento, IBERGRÚAS, S.A., e pregunta se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

Licitador	Redución prezo contrato	Incremento prazo mínimo de garantía (2 anos)	Redución emisións cláusula C.1 do PPT (5 g/kWh de CO e 0,4 g/kWh de NOx) mediante certificados de eficiencia medioambiental		Melloras
			Redución emisións CO	Redución emisións NOx	
IBERGRÚAS, S.A.	107.569,00	1 ano	*	*	si



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 6 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\* A oferta indica nestes apartados: “Adxuntase informe fabricante”, se ben o contido do sobre é o seguinte: DEUC, proposición económica para todos os criterios agás o prezo, proposición económica para o prezo e orzamento 121801 coas características da pala proposta.

Non asiste público á apertura.

Dado que o prezo ofertado por IBERGRÚAS, S.A. excede do orzamento base de licitación previsto no apartado 3A do Anexo I PCAP (95.325,00 euros), a Mesa acorda, por unanimidade, excluír ao citado licitador polo motivo previsto na cláusula 14.2B e propoñer ao órgano de contratación que declare deserto este procedemento.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para contratación por procedemento aberto simplificado do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 23 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado, do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445).

**Segundo.-** Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 13 de decembro de 2018 só se presentou un licitador a este procedemento: IBERGRÚAS, S.A.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de decembro de 2018 acordou excluír deste procedemento a IBERGRÚAS, S.A. por exceder o prezo da súa oferta do orzamento base de licitación previsto no apartado 3A do Anexo I PCAP (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2B).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 7 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Único.-** A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado foi excluído do procedemento por ter presentado unha oferta que excede do orzamento base de licitación, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

*“Declarar deserto o por procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro dunha pala retrocargadora mixta para o parque móbil municipal do Concello de Vigo (13.038-445) por terse excluído ao único licitador presentado por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación”.*

#### **6.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

##### **a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 “pavimentación na avda. Castelao” e lote 2 “renovación da capa de rodaxe da rúa Areal” (134-441)**

Entrégase durante a sesión o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 13 de decembro de 2018 no que se indica que non hai ofertas incursas en presunción de anormalidade e, en consecuencia, se recolle a valoración do sobre C “proposición avaliable a través de fórmula”. A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe.

##### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441)**

Entrégase o informe asinado polo polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- SELVIGO
- FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

##### **c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira” (20.174-240)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 8 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Orzamentario e o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal do 11 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA por ter formulado unha oferta incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

**d) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)**

Retírase este asunto da orde do día.

**e) Procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441)**

Entrégase o informe asinado polo polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 11 de decembro de 2018, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por ter formulado ofertas incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

**9.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2018 pola que non se admite neste procedemento a NAROM, S.L. por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14.1 do PCAP ao ter presentado un sobre electrónico que non coincide coa pagada dixital presentada.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías urbanas de Vigo. Lote 1 "pavimentación na avda. Castelao" e lote 2 "renovación da capa de rodaxe da rúa Areal" (134-441) na seguinte orde descendente:

Lote nº 1:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 9 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	Clasificación de orden:	oferta
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	36,46%
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	32,66%
3	ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L.	31,98%
4	EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS, S.L.	31,33%
5	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	30,10%
6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	29,17%
7	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	26,79%
8	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	23,58%
9	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARC	21,83%
10	HORDESCON, S.L.	21,83%
11	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	21,27%

Lote nº 2

	Clasificación de orden:	oferta
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	35,34%
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	34,36%
3	ASFALGAL, TECNICAS VIARIAS, S.L.	31,98%
4	EMPRESA DE MEZCLAS ASFALTICAS, S.L.	31,33%
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARC	31,10%
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	27,65%
7	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	24,40%
8	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	23,12%
9	MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A.	21,19%
10	HORDESCON, S.L.	20,54%

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª



da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 11 de decembro de 2018:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. COPCISA, S.A.
3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	95,03
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ	91,63
3	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,68
4	ORECO, S.A.	90,37
5	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	89,93
6	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	89,54
7	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,11
8	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	83,71
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	83,64
10	DRAGADOS, S.A.	83,29
11	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	81,58
12	ELSAMEX, S.A.	74,98
13	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	71,71
14	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA.	70,55
15	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	38,03

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**c) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de reforzo de firmes en vías municipais 2018. Lote 1 Vigo Sur, lote 2 Vigo Este, lote 3 Vigo Oeste" (115-441)**

Retírase este asunto da orde do día.

**10.- Propostas de adxudicación**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 21 de novembro de 2018:*

1. CIVIS GLOBAL, S.L.
2. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
1	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	95,04



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 12 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
2	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA	94,75
3	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	94,29
4	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	93,49
5	UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL - MONTAJES JM IGLESIAS, S.L.	91,37
6	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	91,26
7	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,70
8	LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	88,39
9	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87,77
10	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	85,17
11	ORECO, S.A.	85,03
12	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	74,77
13	COPCISA, S.A.	73,83
14	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	30,60

**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., o día 27 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de decembro de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 13 de decembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este



contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 5 e 21 de novembro de 2018, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino fase III (75-441) por un prezo total de 1.028.784,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 178.549,35 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/04/2024 17:05	Páxina 14 de 14
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA84D-513EB4-5143DC-4N7Z15-5T33B6-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		